



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

## EDICTO

DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DESTE CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA).-

### FAI SABER:

Que sendo aprobada a ordenanza reguladora do Imposto de bens inmobilés, co fin de bonificar ás explotacións agrícolas/gandeiras, lembrámosselle que:

Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou pesqueiras pertencentes ao sector primario, e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto de que nun mesmo inmoble (mesma referencia catastral) existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicárselle unha bonificación do 50 por cento da cota íntegra do imposto. Se nese mesmo inmoble se desenvolve unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algunha.

Para poder acollerse a esta bonificación os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de Facenda ou xustificante oficial que acredite o carácter da actividade que se desenvolve.
- Certificado catastral do inmoble ou consulta descriptiva do mesmo.
- Certificado ou declaración responsable de non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica e local, nin coa Seguridade Social.

A solicitude debe ser realizada polo titular da explotación, independentemente de que sexa o titular catastral

Dáse un prazo ós interesados para presentar a súa solicitude ata o día 26 de decembro de 2019, co fin de que no ano 2020 se poida practicar a citada bonificación.

O Concello facilitará ós interesados o impreso de solicitude e a información oportuna.

Touro, 12 de decembro de 2019

O Alcalde,

